



Lingua

CADERNO Primeiro trimestre

O caderno Lingua 2, para segundo curso de Primaria, é unha obra colectiva concibida, deseñada e creada no Departamento de Edicións Educativas de Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L., dirixido por **Teresa Grence Ruiz** e **Ana M.^a Guerra Cañizo**.

Na súa elaboración participou o seguinte equipo:

TEXTO

Afonso Toimil Castro

Irene Genovés (Lecturas iniciais)

ILUSTRACIÓN

Marta Álvarez Miguéns

David Belmonte Calaforra

EDICIÓN

Afonso Toimil Castro

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN EDITORIAL
DE PRIMARIA

Maite López-Sáez Rodríguez-Piñero

PRIMARIA 2

Índice



Unidade 1

FICHA 1. Traballo coa lectura	4
FICHA 2. A lingua	6
FICHA 3. O punto e a maiúscula	7
FICHA 4. Os xogos e os deportes	8
FICHA 5. Descríbome a min mesmo	9

Unidade 2

FICHA 1. Traballo coa lectura	10
FICHA 2. O abecedario	12
FICHA 3. A maiúscula nos nomes	13
FICHA 4. Os alimentos	14
FICHA 5. Escribo unha receita de cociña	15

Obradoiro da lingua	16
---------------------------	----

Unidade 3

FICHA 1. Traballo coa lectura	18
FICHA 2. Palabras e sílabas	20
FICHA 3. Palabras con ca, co, cu, que, qui	21
FICHA 4. A hixiene	22
FICHA 5. Enumero hábitos de hixiene	23



Unidade 4

FICHA 1. Traballo coa lectura	24
FICHA 2. A oración	26
FICHA 3. Palabras con za, zo, zu, ce, ci	27
FICHA 4. Os animais	28
FICHA 5. Elaboro un anuncio	29

Obradoiro da lingua	30
---------------------------	----

Unidade 5

FICHA 1. Traballo coa lectura	32
FICHA 2. O substantivo	34
FICHA 3. Palabras con g, gu	35
FICHA 4. O mar	36
FICHA 5. Comparo animais	37

Repaso trimestral	38
-------------------------	----



O burato do patio

No patio do colexio aparecera un burato coma o cráter dun volcán.

O primeiro que o quixo explorar foi Martiño, un rapaz pequeno e sabido. O resultado foi sorprendente. Cando saíu do burato, medrara un palmo. Agora tiña os brazos e as pernas longuísimos! Convertérase nun xogador de baloncesto.

Despois probou Xiana, que se converteu en atleta. Guillermo saíu feito un xogador de fútbol que dominaba o balón. Antía volveuse moi flexible e unha experta en ximnasia. E Brais, o máis delgado da escola, transformouse nun rapaz musculoso.

Pouco e pouco, todos os alumnos se fixeron deportistas. E iso, a Carlos, molestoulle, porque el sempre fora o máis alto e forte da escola. «Baixarei ao burato e fareime aínda máis grande», pensou. Pero equivocouse. A Carlos, o burato converteuno en poeta. E así, de novo, foi diferente aos demais.



1 Completa. Que apareceu no patio do colexio?

Apareceu coma

.

2 Ordena, con números, os nomes dos rapaces a medida que ían entrando no burato.

Martiño ►

Brais ►

Carlos ►

Antía ►

Xiana ►

Guillermo ►

3 Escribe os seus nomes. En que tipo de deportista se converteu cada un?

xogador de baloncesto ► atleta ►

xogador de fútbol ► ximnasta ►

4 Marca. Que quería Carlos?

- Entrar no burato para se converter en poeta.
- Entrar no burato para facerse aínda máis grande.



5 Completa. Que lle pasou ao final?

Carlos converteuse .



6 Copia o título do conto.

- Con letras minúsculas ►
- Con letras maiúsculas ►

7 Copia o cartel con boa letra.



1 Marca. En que casos nos comunicamos mediante unha lingua?




2 Completa coas accións representadas nos debuxos que marcaches.

Comunicámonos mediante unha lingua cando
 escribimos unha _____, cando _____
 _____, cando _____ ou cando
 _____.

3 Escribe o nome de tres linguas.

4 Relaciona con números. Que lingua utiliza cada un?

- 1. galego
- 2. inglés
- 3. castelán



1 Arrodea as letras que estean en maiúscula.

O m U b P a r M p X a C

2 Completa o chiste coas letras que arrodeaches.

□ n rapaz pregunta a un amigo:

- □ la, Xoán. □ como está a tía
irmá pequena?

- □ oi ben. □ a camiña hai un mes.

- □ ois xa debe estar lonxe, non?



3 Estas oracións están mal escritas. Cópiaas correctamente.

esta noite durmín moi mal. a miña irmá pequena espertoume.



mañá é o meu aniversario. iremos cear á casa dos avós.

1 Escribe a acción que fai cada personaxe.



Ana unha carreira.
Miguel o balón.

Xiana á corda.
Roi ao baloncesto.



2 Escribe cada nome ao lado da imaxe correspondente.

balancín

bambán


tobogán

areeiro



1 Marca. Como es fisicamente?

- Teño os cabelos... ▶ longos curtos
- De cor, son... ▶ negros castaños roxos
- Teño os ollos... ▶ castaños verdes azuis



2 Arrodea dúas calidades. Como é o teu carácter?

simpático alegre divertido tímido bromista

3 Di que roupa levas hoxe.

4 Completa a túa descrición.

Chámome

e teño anos. Os meus cabelos son

e . Teño os ollos

de cor . O meu carácter é

. Hoxe levo

.

